



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2006 17:40
Nº Rexistro: 15390
Data envío: 28/11/2006 17:40:25


Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Bieito Lobeira Domínguez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta, para a súa resposta escrita, relativa ás previsións de solución do conflito urbanístico existente no núcleo do litoral d'Os Areeiros, no concello de Ribeira.

Veciños e veciñas d'Os Areeiros (Castiñeiras), no concello de Ribeira, están a padecer as consecuencias da inadaptación do marco legal vixente en materia de protección do litoral (aplicación da Lei de Costas, 1988), dun xeito similar ao que acontece noutros núcleos do litoral.

En calquera caso, o certo é que con anterioridade á entrada en vigor da Lei de Costas (1988), Os Areeiros, obviamente, xa existía. Trátase, en definitiva, dunha cuestión de puro sentido común. A inadecuación da legalidade á realidade física non pode ser un problema que paguen os veciños afectados. Eles non son os responsábeis desta situación: son as vítimas. E é obriga dos poderes públicos articular as medidas precisas para a solución positiva deste problema no menor prazo de tempo posíbel.

Lamentablemente, a competencia vinculada ao dominio público marítimo-terrestre está aínda a día de hoxe residencia en Madrid, no Goberno español (Dirección Xeral de Costas-Ministerio de Medio Ambiente), se ben Galiza conta con competencias exclusivas –e excluíntes- en materia de urbanismo que, evidentemente, hai que exercer.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2006 17:40
Nº Rexistro: 15390
Data envío: 28/11/2006 17:40:25

Trátase, en definitiva, de lle facer fronte ao informe da Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos con data de 9 de Setembro de 2002, sendo o seu titular Henrique César López Veiga, que foi elevado no seu día á Dirección Xeral de Costas sinalando que ao núcleo d'Os Areeiros non se lle recoñecía a súa clasificación como “solo urbano de núcleo rural”, e condeando, xa que logo, a moitas das vivendas, a unha situación de ilegalidade.

Con data de 22 de Setembro de 2006 a Dirección Xeral de Urbanismo, da Consellaría de Política Territorial, comprometéase diante dunha representación veciñal d'Os Areeiros en adoptar unha fórmula de solución similar á posta en marcha nos núcleos do litoral de Marín.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:


- 1.^a) En que situación se encontra na actualidade o conflito urbanístico d'Os Areeiros, no concello de Ribeira?
- 2.^a) Que pasos se deron en relación con este problema?
- 3.^a) Que medidas se adoptarán?
- 4.^a) En que prazo?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2006.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Bieito Lobeira Domínguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2006 17:40
Nº Rexistro: 15390
Data envío: 28/11/2006 17:40:25

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 28/11/2006 17:38:46

Bieito Lobeira Domínguez na data 28/11/2006 17:38:50